

Venres, 18 de marzo de 2022

Núm. 54

**ADMINISTRACIÓN LOCAL  
PROVINCIAL  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
Subvencións e axudas**

*BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A ORGANIZACIÓN DE CAMPIONATOS, EVENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2022*

**BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A ORGANIZACIÓN DE CAMPIONATOS, EVENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2022**

O modelo deportivo español evolucionou grazas aos continuos e vertixinosos cambios que experimentou este fenómeno social; cada día máis cidadás e cidadáns practican deporte, o cal alcanzou unha proxección na sociedade que dificilmente se prevía hai poucas décadas.

O deporte é unha actividade esencial, enormemente enriquecedora e xeradora de benestar persoal. Ademais, constitúe un importante instrumento de cohesión social, de transmisión de valores e de impulso económico.

De acordo coa Lei do deporte de Galicia as deputacións teñen entre as súas competencias fomentar, promover e difundir o deporte na provincia; por iso, desde esta Administración débese facilitar a práctica da actividade física e deportiva, co principal obxectivo de mellorar a condición física e a ocupación activa do tempo de lecer.

A finalidade destas axudas é promover a práctica deportiva no ámbito da provincia de Pontevedra, a través dunha programación deportiva que axude a impulsar o desenvolvemento social, mellorar a calidade de vida, crear emprego e fomentar o crecemento sustentable do territorio e da súa sociedade. Ademais, con elas búscase implicar a todos axentes sociais, económicos e institucionais da provincia de Pontevedra para obter unha perspectiva ampla, multidisciplinar e plural.

Para lograr estes obxectivos, a Deputación de Pontevedra convoca as subvencións para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas realizadas na provincia de Pontevedra para o ano 2022.

**Primeira. Obxecto**

O obxecto desta convocatoria é fixar as bases reguladoras das subvencións para entidades deportivas da provincia de Pontevedra que organicen campionatos, eventos ou actividades deportivas para o ano 2022 na provincia de Pontevedra.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: N5TLIQW0329W0EC



Venres, 18 de marzo de 2022

Núm. 54

## Segunda. Liñas de actuación

As subvencións obxecto destas bases divídense en dúas liñas.

### Liña 1

Axudas para a realización de competicións deportivas federadas oficiais de ámbito estatal ou internacional. Estas deberán estar incorporadas nos calendarios oficiais e encadrarse nas seguintes tipoloxías:

- Campionato ou Copa de España, de Europa ou do Mundo.
- Competicións deportivas federadas oficiais de ámbito estatal ou internacional; poderán valorarse competicións deportivas oficiais, de ámbito estatal ou internacional, federadas, incluídas nos calendarios nacionais ou internacionais das federacións correspondentes e consideradas probas de alto nivel. Estas terán que ser recoñecidas polo órgano instrutor proposto para esta convocatoria, unha vez analizada a competición coa federación correspondente.

### Liña 2

Axudas para a realización de competicións deportivas oficiais e non oficiais, de todos os ámbitos territoriais, federadas ou non federadas.

Para os efectos destas bases, os campionatos, eventos ou actividades deportivas que teñan lugar na provincia de Pontevedra clasificaranse:

- Polo seu carácter: en competicións oficiais e non oficiais
- Polo seu ámbito territorial: en competicións locais, provinciais, interprovinciais, autonómicas, estatais e internacionais
- Competicións federadas e non federadas

Outras consideracións:

Non serán subvencionables os campionatos, eventos e actividades deportivas cun orzamento inferior aos tres mil (3.000,00) euros.

Os campionatos, eventos e actividades deberán desenvolverse no ámbito territorial da provincia de Pontevedra en 2022.

As seguintes propostas non serán obxecto de subvención:

- As actividades que estean subvencionadas noutras convocatorias deste organismo provincial.
- As que non inclúan prácticas deportivas
- Os campu deportivos ou multideportivos
- Os campionatos, eventos ou actividades deportivas nos que os premios sexan diferentes para homes e mulleres



Venres, 18 de marzo de 2022

Núm. 54

- Os campionatos de tiro ao pombiño (segundo o acordo plenario número 15.6896, de 28 de decembro de 2016, por consideralos actos de crueldade contra os animais)
- Ningunha outra actividade que poida implicar calquera tipo de malos tratos aos animais.

### Terceira. Financiamento

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04 do Orzamento da Deputación para o ano 2022 por un importe total de douscentos cincuenta mil (250.000,00) euros.

As contías correspondentes a cada liña deportiva son as seguintes:

Liña 1.....120.000,00 €

Liña 2.....130.000,00 €

### Cuarta. Entidades beneficiarias

Poderán ser beneficiarias desta convocatoria as entidades deportivas sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra.

Non poderán beneficiarse as persoas ou entidades nas que conorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG). A acreditación de non estar incursas nas devanditas prohibicións realizarase mediante a declaración responsable das entidades solicitantes; no caso das agrupacións deberá presentarse a declaración por cada unha das persoas ou entidades agrupadas.

Todas as persoas solicitantes deberán estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación, e non ter obrigas ou incumprimentos pendentes, de calquera tipo e non só económicos, coa Deputación.

Non poderán beneficiarse destas subvencións as entidades que teñan pendentes de xustificar axudas concedidas no exercicio anterior no mesmo programa.

### Quinta. Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables, para os efectos destas bases, aqueles que, de maneira indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido; son os seguintes:

- *Gastos federativos*: os correspondentes a gastos emitidos polas federacións deportivas para a realización do campionato, evento ou actividade deportiva.
- *Gastos de viaxe*: os relativos a gastos de desprazamentos, aloxamento ou alimentación dos equipos, deportistas ou xuízas ou xuíces participantes no campionato, evento ou actividade deportiva.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: N5TL1QQWO3Z9W0EC



Venres, 18 de marzo de 2022

Núm. 54

- Os gastos de desprazamento poderán ser de avión, tren, autobús ou vehículo de aluguer.
  - No concepto da factura deberá especificarse o campionato, evento ou actividade deportiva, así como o equipo, deportista, árbitra, árbitro ou persoa relacionada co campionato, evento ou actividade deportiva beneficiaria do gasto.
- Gastos de organización: os que que correspondan a calquera servizo contratado para a planificación, organización e execución do campionato.
- No concepto da factura deberá especificarse o campionato, evento ou actividade deportiva, así como os servizos contratados.
- Gastos publicitarios: os que realice a entidade para difundir ou darlle publicidade ao campionato, evento ou actividade deportiva. Neles terase en conta a inclusión da imaxe corporativa da Deputación de Pontevedra.
- Gastos sanitarios: os relacionados coa saúde dos deportistas no desenvolvemento do campionato, evento ou actividade deportiva.
- Gastos do campionato: os que se inclúen na descrición ou normativa do campionato, como o avituallamento das persoas participantes, os premios, os trofeos etc.

No concepto das facturas presentadas deberá especificarse o campionato, evento ou actividade deportiva.

#### **Sexta. Procedemento de concesión**

O procedemento de concesión das subvencións levarase a cabo en réxime de concorrencia competitiva.

En ningún caso a suma total de axudas concedidas poderá superar o orzamento máximo previsto nestas bases.

A concesión destas subvencións é compatible coas doutras administracións públicas que se reciban para o mesmo fin, tendo en conta que o conxunto de todas elas en ningún caso poderá superar o 100 % do orzamento que presente o club.

O importe das subvencións calcularase de acordo cos criterios de valoración establecidos nestas bases. Establécese un importe máximo de subvención para cada unha das liñas; en todo caso, as axudas non poderán superar o 60 % do orzamento presentado coa solicitude. Unha vez realizada a primeira repartición, e se queda diñeiro dispoñible, realizaranse tantas reparticións como fose necesario, seguindo o mesmo procedemento. Os límites establecidos serán os seguintes:

- Liña 1.....25.000,00 €
- Liña 2.....6.000,00 €



Venres, 18 de marzo de 2022

Núm. 54

**Sétima. Lugar de presentación de solicitudes**

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Cada entidade poderá presentar unha única solicitude, excepto as federacións deportivas, que poderán presentar ata dúas solicitudes.

**Oitava. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

**Novena. Comprobación de datos**

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas que se detallan a continuación:

- NIF das persoas xurídicas solicitantes
- DNI ou NIE da persoa representante legal do club ou da entidade
- Domicilio fiscal da entidade solicitante
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Facenda Autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

**Décima. Documentación**

As entidades solicitantes presentarán a solicitude a través do formulario normalizado, no que se inclúe o orzamento estimativo. Coa solicitude as entidades solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: N5TLJQQW03Z9W0EC



Venres, 18 de marzo de 2022

Núm. 54

- Proxecto deportivo do campionato, evento ou actividade deportiva no que se inclúa unha definición exacta e clara do proxecto ou actuación que se vai realizar:
  - Descrición do proxecto
  - Obxectivos
  - Persoas destinatarias ou participantes
  - Localización ou localización
  - Calendario
  - Medidas de difusión

O proxecto deportivo non poderá ter unha extensión superior a 10 follas.

- Certificado federativo (só para a liña 1). As entidades que opten ás axudas recollidas na liña 1 deberán achegar un certificado emitido pola federación correspondente no que se certifique a denominación ou o nome da competición e a súa inclusión no calendario oficial de ámbito estatal ou internacional.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos achegados.

A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presentase a documentación complementaria presencialmente requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para este efecto, considerarase como data de presentación aquela en a que se realizou a corrección.

### **Décimo primeira. Notificacións**

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As notificacións practicaranse a través da Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os sistemas son accesibles desde <https://sede.depo.gal>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra realizará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Venres, 18 de marzo de 2022

Núm. 54

### **Décimo segunda. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas.**

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán efectuarse electronicamente a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

No caso de que a solicitude non incluíse os datos esixidos ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP requiriráselle á persoa interesada que, no prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se entenderá por desistida a súa petición, que se arquivará sen máis trámites.

### **Décimo terceira. Criterio de valoración**

Co obxecto de garantir unha valoración obxectiva para asignar os importes, establecerase o criterio obxectivo do orzamento presentado polas entidades deportivas, cos seguintes máximos para cada liña:

- Liña 1: valorarase ata un máximo de 100.000 euros do orzamento presentado
- Liña 2: valorarase ata un máximo de 20.000 euros do orzamento presentado

O procedemento para determinar os importes con base no orzamento establecerase multiplicando o valor do punto do orzamento polo orzamento valorado ás entidades deportivas, tendo en conta los límites establecidos para cada liña.

*Cálculo do valor do punto do orzamento:*

O valor do punto de orzamento calcúlase dividindo o importe destinado a cada liña entre a suma total dos orzamentos valorados ás entidades solicitantes.

Os campionatos, eventos ou actividades deportivas cun orzamento inferior a 3.000,00 € quedarán excluídos da convocatoria por non alcanzar a puntuación mínima esixida.

### **Décimo cuarta. Instrución do procedemento**

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao xefe do Servizo de Deportes.

Esta comprenderá as seguintes fases:

- Estudo e comprobación de todas as solicitudes polo servizo instrutor, que realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos
- Informe-proposta do xefe de Servizo no que figure a valoración das solicitudes, con base nos criterios de concesión, explicando o sistema de valoración seguido e relacionando as solicitudes por orde, e sinalando a subvención que lle corresponde a cada unha delas. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, das que se explicarán as razóns da súa desestimación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: N5TL1QQW03Z9W0EC



Venres, 18 de marzo de 2022

Núm. 54

- Informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e do informe-proposta.
- Estudo do informe-proposta por parte da comisión de valoración, que estará composta por:
  - Presidente: o deputado delegado da área de Deportes
  - Vogais: un membro do persoal técnico do Servizo de Deportes e un do persoal técnico do Servizo de Intervención
  - Secretaria ou secretario: unha funcionaria ou un funcionario do Servizo de Deportes, que actuará sen voto
- Proposta de resolución. O órgano instructor, á vista do expediente e do informe da comisión, formulará unha proposta de resolución, que deberá expresar a relación das entidades solicitantes para as que se propón a concesión de subvencións e a súa contía. Tamén recollerá as solicitudes excluídas e os motivos da súa exclusión.

#### **Décimo quinta. Resolución do procedemento**

A proposta de resolución definitiva formulada polo órgano instructor someterase á aprobación do órgano competente, que resolverá o procedemento.

O acto de resolución do procedemento será obxecto de publicación no BOPPO e terá os efectos dunha notificación por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva (artigo 45 da LPACAP).

Ademais, publicaranse na páxina web da Deputación de Pontevedra.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis (6) meses. O prazo computarase a partir do día seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación das solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexítima as persoas interesadas para entender desestimada a solicitude de concesión da subvención por silencio administrativo.

#### **Décimo sexta. Procedemento de xustificación e pago**

As entidades beneficiarias das subvencións deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. O prazo de presentación das xustificacións finalizará o 28 de febreiro de 2023.

As entidades beneficiarias deberán presentar a xustificación obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Para a xustificación deberase presentar a seguinte documentación:

- Conta xustificativa, na que se relacionarán os conceptos de gastos totais do campionato, evento ou actividade subvencionada e os ingresos obtidos pola súa realización, segundo o modelo incluído nos anexos I (conta xustificativa) e II (continuación).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: NSTLIQW03Z9W0EC





Venres, 18 de marzo de 2022

Núm. 54

- No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 % do orzamento presentado, aboarase a parte proporcional da subvención.
  - No caso de que a entidade obtivese beneficios pola realización do campionato, evento ou actividade deportiva, aboarase a parte proporcional da subvención.
  - Na conta xustificativa especificaranse as facturas presentadas para xustificar a subvención concedida, e declarárase que esas facturas non se utilizaron para xustificar outras subvencións.
- Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida; en cada factura deberá figurar o número de unidades, os prezos unitarios e o prezo total de cada unidade.
  - Memoria do campionato, evento ou actividade deportiva xustificativa do cumprimento das condicións establecidas nestas bases, na que se indiquen as actividades realizadas, os resultados obtidos e a xustificación das medidas de difusión establecidas por medio de fotografías onde se vexa de forma clara e inequívoca cada unha das actuacións requiridas.

O feito de que as entidades non xustifiquen correctamente as medidas de publicidade e difusión constituirá unha infracción que poderá ser sancionable por parte do servizo instrutor, co que se reducirá a subvención correspondente.

Os tipos de infraccións poderán ser leves, graves ou moi graves, e as súas sancións serán as seguintes:

*Infracción leve:* Entre o 1 % e o 10 % da subvención concedida

*Infracción grave:* Entre o 10 % e o 20 % da subvención concedida

*Infracción moi grave:* Entre o 20 % e o 50 % da subvención concedida

Outras normas que se deben ter en conta na xustificación:

- A desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial pormenorizado é do 30 %. Todo gasto que supere esta marxe non será subvencionable.
- Os gastos presentados na conta xustificativa deben pagárselles ás súas respectivas provedoras e provedores antes de entregar a xustificación da subvención. No caso de que o club non dispoña de fondos nese momento, terá un prazo máximo dun (1) mes a partir da percepción da subvención para efectuar eses pagos. Se posteriormente, mediante control financeiro, se comprobase que algún dos gastos non se pagou ou se pagou fóra de prazo este deixaríase de ser subvencionable.
- As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pago a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que queden identificados a ou o beneficiario, o importe e a data de pago (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.). Só excepcionalmente, cando non

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: N5TL1QQW03Z9W0EC



Venres, 18 de marzo de 2022

Núm. 54

sexa posible outra forma alternativa, poderá empregarse o pago en metálico sempre que non supere o importe de novecentos (900,00) euros. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable.

- En caso de clubs que non contén con contabilidade, os gastos que non se paguen mediante unha entidade financeira non se considerarán subvencionables.

O pago das subvencións farase unha vez aprobada a xustificación, mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola entidade.

Para cobrar a subvención os clubs deberán estar ao corrente das súas obrigacións tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

### **Décimo sétima. Medidas de publicidade e difusión**

As entidades beneficiarias destas axudas deberán levar a cabo as seguintes actuacións en materia de difusión ou publicidade:

- a) Soportes publicitarios no campionato, evento ou actividade deportiva

*Subvencións por importe igual ou superior a 6.000 €*

- Será obrigatorio colocar, nun lugar visible, 6 lonas de 5 x 1 m, 8 fly banners e un arco de meta coa imaxe corporativa da Deputación de Pontevedra.
- A Deputación poderá obrigar a organización a realizar unha presentación exclusiva do campionato, evento ou actividade deportiva coa Deputación de Pontevedra

*Subvencións por importe de 3.000 € a 6.000 €*

- Será obrigatorio colocar, nun lugar visible, 4 lonas de 3 x 1 m, 4 fly banners e un arco de meta coa imaxe corporativa da Deputación de Pontevedra

*Subvencións por importe inferior a 3.000 €*

- Será obrigatorio colocar, nun lugar visible, 4 lonas de 3 x 1 m, e 4 fly banners coa imaxe corporativa da Deputación de Pontevedra

b) Camisetas, trofeos ou agasallos conmemorativos do campionato, evento ou actividade deportiva: será obrigatorio para todas as entidades incorporar a imaxe corporativa da Deputación, que deberá estar nun lugar visible e de forma proporcional á do resto de administracións, tanto en tamaño coma en cantidade.

c) Carteis oficial do campionato, evento ou actividade deportiva: será obrigatorio para todas as entidades incorporar a imaxe corporativa da Deputación, que deberá estar nun lugar visible e de forma proporcional á do resto de administracións, tanto en tamaño coma en cantidade.

d) Paneis traseiros para eventos ou actos do campionato, evento ou actividade deportiva, como roldas de prensa, presentacións, comunicacións ou premios: será obrigatorio para todas as entidades incorporar a imaxe corporativa da Deputación, que deberá estar nun lugar visible e de forma proporcional á do resto de administracións, tanto en tamaño coma en cantidade.



Venres, 18 de marzo de 2022

Núm. 54

e) Espazo dixital do campionato, evento ou actividade deportiva (web e redes sociais): será obrigatorio para todas as entidades incorporar a imaxe corporativa da Deputación ou realizar unha mención, que deberá estar no apartado de colaboradores ou patrocinadores do campionato, evento ou actividade deportiva. Nas redes sociais será obrigatorio etiquetar a Deputación de Pontevedra, sempre que se etiqueten outras entidades ou administracións colaboradoras.

f) Outros soportes publicitarios: no caso de que as entidades realicen outras accións ou medidas publicitarias coma retransmisións en streaming, colocación de pantallas led, dorsais ou calquera outra actuación, deberán incorporar a imaxe corporativa da Deputación, que deberá estar nun lugar visible e de forma proporcional á do resto de administracións, tanto en tamaño coma en cantidade.

Todas as medidas relacionaranse e explicaranse no proxecto deportivo e posteriormente incluíranse na memoria xustificativa. Se non se pode levar a cabo a difusión e publicidade nos termos establecidos, deberase xustificar e propoñer unha alternativa, que requirirá a aprobación por parte da Deputación de Pontevedra.

Os logotipos oficiais que se deben inserir están dispoñibles en [www.depo.gal](http://www.depo.gal) (área de descargas/imaxe institucional).

Todas as entidades poderán solicitar o material publicitario a través do programa “Depo comparte” da Deputación de Pontevedra, <https://www.depo.gal/-/depocomparte>.

### **Décimo oitava. Obriga das entidades beneficiarias**

Ademais das obrigas previstas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), os beneficiarios terán que:

- Cumprir as medidas de publicidade e difusión nos termos regulamentariamente establecidos nestas bases
- Cumprir os demais supostos previstos nesta normativa reguladora das subvencións

### **Décimo novena. Incumprimento**

Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado nestas bases ou, no seu caso, o establecido na prórroga sen que a entidade beneficiaria presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Deportes requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días.

O feito de non presentar a documentación neste prazo supoñerá o inicio de expediente de perda ó dereito á cobro da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

### **Vixésima. Reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención**

As subvencións concedidas deberán ser reintegradas cando as causas sexan posteriores ao pagamento destas.



Venres, 18 de marzo de 2022

Núm. 54

Producirase a perda do dereito ao cobro da subvención, total ou parcial, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas na lexislación de subvencións e, en concreto, nos seguintes supostos:

- Incumprimento das obrigacións establecidas con motivo da concesión da subvención.
- Incumprimento das obrigacións de xustificación.
- Incumprimento da obrigación de adoptar medidas de difusión do financiamento público recibida.
- Demais causas establecidas na normativa de subvencións.

### **Vixésimo primeira. Órgano de aprobación**

De acordo co establecido na base 16.2 das de execución do orzamento para o ano 2022 e cumprindo o establecido no artigo 17 da LXS, o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno.

### **Vixésimo segunda. Dereito supletorio**

Para o non disposto nestas bases contemplarase o establecido no artigo 4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

### **Vixésimo terceira. Recursos**

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, no prazo dun (1) mes, un recurso de reposición ante o órgano que as ditase, que se entenderá como desestimado se transcorrese este período sen recibir contestación. Neste caso no prazo de dous (2) meses poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Contra esta resolución tamén se poderá interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo indicado.

En todos os casos os prazos contarase a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entendese como desestimado.

### **Vixésimo cuarta. Publicidade da convocatoria**

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS o texto da convocatoria remitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.



Venres, 18 de marzo de 2022

Núm. 54

### **Vixésimo quinta. Protección de datos**

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: N5TLIQQWO3Z9W0EC



